



NORMAS DE XESTIÓN DE PERMISOS PARA AS CACHARELAS SAN XOAN 2021

O departamento de Seguridade Cidadá do Concello de Arteixo establece as normas de seguridade para solicitar e celebrar as “Fogeirás da Noite de San Xoán 2021”.

Con motivo da crise sanitaria Covid-19, e dacordo coas medidas hixiénico-sanitarias establecidas polas distintas administración públicas, o Concello de Arteixo, facendo un exercicio de responsabilidade, de forma excepcional para o exercicio 2021 soamente autorizará a celebración de Cacharelas/sardiñadas **en propiedade privada**, quedando totalmente prohibida a realización das mesmas en espazos públicos e nas praias.

Cacharelas/sardiñadas en espazos privados

- 1) As persoas, que desexen realizar unha cacharela/sardiñada na súa zona de residencia deberán presentar a solicitude correspondente preferentemente a través do seguinte correo electrónico: cacharelas@arteixo.org ou na oficina da Policía Local en horario de 09:00 a 14:00 horas dende o día **11 de xuño ata as 14:00 horas do 22 de xuño**, sinalando o nome, enderezo, teléfono e fotocopia do D.N.I. dos responsables da organización, así como todos os datos que constan no modelo de solicitude. As persoas responsables teñen que ser maiores de idade.
- 2) Na solicitude debe ir referenciado o lugar exacto no que se vai a situar a cacharela, así como da situación de todos os elementos, que ademais da cacharela se coloquen no espazo autorizado.
- 3) As/os organizadores deberán coidar os arredores e coñecer o número de teléfono DE EMERXENCIAS, A SABER: 112, Bombeiros (981 60 27 40), Protección Civil (981 64 14 14) e Policía Local (092).
- 4) Zona urbana: O volume do combustible da cacharela non sobrepasará os 3 metros de perímetro, nin un metro de altura.
- 5) Rural: O volume do combustible da cacharela non sobrepasará os 6 metros de perímetro/diámetro nin 3 metros de altura.
- 6) A separación entre as cacharelas, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano serán como mínimo de 12 metros, excepto no casco urbano.
- 7) Porase especial coidado de non situalas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non exista ningún local no que se almacene produtos inflamables.
- 8) Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
- 9) En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- 10) No suposto de que a cacharela/sardiñada ou análogo se faga sobre terreos de uso público pavimentados, asfaltados ou enlousados, os organizadores encargaranse, pola súa conta, de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm. Así mesmo todos eles disporán nas proximidades dun extintor de polvo de 5kg.

11) Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematar a cacharela e/ou sardiñada.

- Cumprir o establecido na Lei 11/2010, de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

A concesión de solicitudes deberá ser aprobada no caso das cacharelas/sardiñadas na propiedade privada e no caso das cacharelas/sardiñadas na vía pública polo Concelleiro Delegado de Seguridade debendo de contar todas elas co visto bo do Servizo de Protección Civil e da Policía Local.

Prohíbese expresamente a celebración de Cacharelas de San Xoán nos seguintes lugares: Parque de Monticaño, Parque do Seixedo, Parque de as Barreiras, Praza do Balneario, Campo da Festa, zonas peonais do Concello, zonas axardinadas municipais.

- A hora límite para rematar a celebración é as 03:30 horas da madrugada en caso de espazos privados.

Dacordo co estado de crise sanitaria, as reunións de persoas en ditas celebracións **adecuaráse en todo momento as normas hixienico-sanitarias e de número de persoas permitidos pola normativa estatal ou autonómica.**

- Ao finalizar a cacharela e antes de abandonar o lugar da mesma, os responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas.

- Os organizadores atenderán as indicacións de Policía Local, Garda Civil, Protección Civil e dos Bombeiros.

O cumprimento destas normas será verificado polo persoal do Servizo de Extinción de Incendios e Protección Civil que, se é o caso, dará conta á Policía Local das infraccións.